

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

SESION EXTRAORDINARIA DO 22 DE FEBREIRO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTEN:

González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as dezanove horas e catro minutos do día vintedous de febreiro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos

Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno (xustifica a ausencia). Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

ÚNICO(39).- PROPOSTA DE ACORDO DE SUSPENSIÓN DE LICENZAS PARA O ÁMBITO DO "AOP13 ARQUITECTO PALACIOS". EXPTE. 996/400.

ANTECEDENTES.- A xerente municipal de Urbanismo, por escrito de data 15 de febreiro de 2010, formula o seguinte informe-proposta:

"O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aprobado polas Ordes da CPTOPT de data 16.05.08 e da CMATI do 13.07.09, prevé para a maior parte do ámbito unha "Área de Ordenación Pormenorizada- AOP 13 Arquitecto Palacios". Dentro do punto primeiro da AOP, xustifícase a ordenación no seguinte sentido:

*"(...)A ordenación proposta para esta AOP, cuxa delimitación recolle parte do ámbito do PEPR I-02 <Finca do Conde>, do Plan Xeral de 1993, parte á súa vez da ordenación proposta no devandito PEPR I, aprobado o 19/02/1999, se ben cunha serie de variacións tendentes a **acomodar á mesma ós criterios xerais do PXOM**, nomeadamente a integrar os novos sistemas xerais previstos, e ó mellor artellamento coas novas previsións do planeamento no contorno.*

*O devandito PEPR I foi anulado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, estando **na actualidade pendentes de resolución**, os varios recursos de casación interpostos fronte á dita anulación. É de salientar que o único motivo polo que se anulou, foi a suposta modificación dos usos previstos na ficha do PEPR I, ao se **desvirtuar**, segundo o criterio da Sala, **o uso característico** previsto no PXOU para ese ámbito, vulnerándose as previsións do Plan Xeral daquela vixente e infrinxido, xa que logo, o principio de xerarquía normativa.*

No obstante o anterior, o PXOM, dende a perspectiva que lle é propia, e en uso das facultades de ordenación e planificación que lle asignan legalmente, entende acertada a distribución dos usos lucrativos previstos no PEPR I, que acaen perfectamente co que a respecto dos usos terciarios e comerciais se contén na

memoria xustificativa do presente PXOM que sitúa esta zona coma un dos eixos comerciais que o plan quere potenciar, en razón das circunstancias obxectivas e dos roles que a cidade de Vigo ten que desenvolver no futuro, ordenación que, amais disto, se atopa en moi avanzado grao de urbanización, así como a materialización, polo que se reproduce en boa medida o esquema de ordenación alí previsto para os terreos do PEPRI daquela que agora fican incluídos nesta AOP (...)”.



Entre as súas determinacións prevé a existencia de dous usos característicos. Un deles, residencial para as couzadas “M1”, “M2” e “M4” (clase vivenda, categoría 2ª) e, por outra parte, para a couzada “M-3”, o uso característico é o Terciario Xeral-Clase comercio-categoría 5ª.

Polo tanto, sen prexuízo da necesaria execución das determinacións do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a promotora “Finca do Conde, S.A.”, establécese un dobre uso característico para o ámbito: o residencial e o comercial, cunha notable diferenza en metros cadrados deste último, tal e como se describe no seguinte cadro:

Cuarateirón	Parcela	Superficie	Edificabilidade máxima	Nº de Plantas
M.1	P.11.	846 m2.	5.412 m2	VI-X
M.2	P.1	1.834 m2	12.800 m2	XVI
	P.2	1.882 m2	12.800 m2	XVI
M.3	P.1	20.786 m2	60.940 m2	III
M.4	P.2	1.694 m2	4.050 m2V	

En resumo, o uso residencial ten unha edificabilidade máxima de 35.062 m2, fronte ao uso terciario de 60.940 m2.

As vixentes Normas Urbanísticas do Plan Xeral de Ordenación Municipal, definen no artigo 5.1.10 como uso característico aquel cuxa implantación prioritaria nunha determinada ordenanza, e con carácter de Uso Global, en ámbitos, sectores ou áreas do territorio. Para todo o ámbito definido como AOP, é facilmente constatable que o uso característico é o terciario xeral.

Tense que recordar que o Plan Xeral de Ordenación Urbana do ano 1993, prevía para

o ámbito como uso característico o residencial, vontade que se pretende manter na nova ordenación que resulte da modificación que se aborde e que por outra parte foi confirmada polos distintos Órganos Xurisdicionais que resolveron sobre a ordenación establecida e as distintas autorizacións outorgadas (neste momento, firmes).

Na Memoria da "AOP 13 Arquitecto Palacios" do novo instrumento de planeamento, afirmase que a súa finalidade non é a de frustrar o cumprimento desta sentenza, senón a de establecer a mellor ordenación posible para esta área, atendendo ás súas condicións topográficas, funcionais e ás novas tipoloxías dos ámbitos máis próximos, todo isto en aras da consecución do interese xeral. Pero a pesar destas xustificacións, concorre unha coincidencia de feitos que, en revisión xurisdiccional, poden facer sospeitosa a suposta falta de intencionalidade de frustrar o cumprimento das referidas sentenzas:

- Agás as licenzas de obra de 2 edificios, de 114 vivendas cada un, exptes. 34059/421 e 34058/421, todas as restantes licenzas anuladas concedéronse cando xa constaba en primeira instancia a nulidade dos instrumentos de planeamento, xestión e proxecto de urbanización que lles servían de cobertura.

- Os servizos xurídicos municipais advertiron da futura confirmación en casación das sentenzas de nulidade e propuxeron a suspensión de outorgamento de licenzas no ámbito para adaptar a ordenación aos pronunciamentos xudiciais (informes-propostas do 02.06.03 e 13.10.03, respectivamente rexeitadas polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesións do 21.07.03 e 16.10.03)

- No proxecto de novo PXOM presentado polo equipo redactor o 5 de maio de 2003 (f. 401 expte. 766/421) e aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno o 30.12.04 consta a "AOP 13 Arquitecto Palacios" reproducindo o uso característico terciario que ocasionou a nulidade do PEPRI III-02 "Finca do Conde", así como as edificacións declaradas ilegais.

Polo tanto, a negativa do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de axustar o planeamento ás resolucións xudiciais xa ditadas e a continuidade no outorgamento de licenzas que se anunciaron anulables, foi paralela e consecuencia do coñecemento de que as actuacións ilegais podían ser subsanadas polo novo PXOM en tramitación.

Para evitar calquera indicio de fraude de lei e reforzar a autonomía e conveniencia da "AOP 13 Arquitecto Palacios", é conveniente mellorar a ordenación proposta no senso de corrixir todos os erros detectados no PEPRI anulado e adecuar o planeamento ás necesidades do ámbito no actual contexto de desenvolvemento urbano no que se atopa.

Por outra banda as deficiencias e desaxustes do PEPRI III-02 "Finca do Conde" co derogado Plan Xeral de Ordenación Urbana do ano 1993 foron xurídicas, pero tamén prácticas e actualmente sufridas.

Na proposta de modificación serán obxecto de análise e, no seu caso, de proposta de resolución, as seguintes cuestións:

- 1) As infraestruturas viarias existentes e previstas no planeamento resultan

S. Extraord. 22.02.10

totalmente insuficientes para un centro comercial de ata 60.940 m². Os viais de acceso e saída son periodicamente colapsados pola afluencia de clientes, xerando unha conflictividade crónica do tráfico rodado que excede do propio ámbito e se entende por todas as rúas veciñas, incluída a Gran Vía.

2) A demanda de prazas de aparcadoiro público supera con creces a prevista e materializada no planeamento. A alta densidade residencial e desproporcionada condensación terciaria require unha oferta de aparcadoiros públicos acorde coa circulación de vehículos que atrae.

3) O ámbito con alta concentración residencial e terciaria padece unha inexplicable carencia de equipamentos locais. Un aproveitamento tan lucrativo ten que ser compensado por unha adecuada previsión de dotacións propias que cubra as necesidades da nova poboación e evite a saturación das que serven ás zonas lindeiras.

4) Os espazos libres e zonas verdes anunciados coa aprobación do PEPRI III-02 "Finca do Conde" resultan manifestamente residuais e insuficientes. Os que circundan os edificios residenciais resultan sinxelamente ornamentais, de imposible uso xeral. Mentres que suposta zona verde e espazo libre a ceder sobre a cuberta do centro comercial nada ten que ver coa anunciada, está prioritariamente ocupada por elementos estruturais e arquitectónicos que dan servizo ao propio centro comercial e resulta inadecuada para o espaxamento verdadeiramente público.

Todas estas consideracións non son un mero prognóstico do desenvolvemento do planeamento. É o resultado do funcionamento real e actual da ordenación concibida no PEPRI III-02 "Finca do Conde", que a "AOP 13 Arquitecto Palacios" reproduce, e que será agravado polo desenvolvemento urbanístico dos ámbitos veciños. O que aconsella a súa urxente e inmediata modificación.

O artigo 77 (en similares termos que o artigo 118 do Regulamento de Planeamento Urbanístico) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), prevé a posibilidade de que o órgano competente para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico poderán acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, a fin de estudar a súa formación ou reforma. Para isto, debe terse en conta o seguinte:

- a) Deberá definirse o ámbito obxecto de estudo e poderá abranguer parte ou a totalidade do ámbito.
- b) Especificación das licenzas e autorizacións cuxos procedementos precisan ser suspendidos.
- c) O ámbito temporal da suspensión, non poderá ser superior a un ano dende a publicación do acordo no DOG e no BOP.

Sen prexuízo da necesaria e preceptiva motivación da modificación que se incorporará ao expediente que se tramite ao efecto, no presente caso cabe unicamente xustificar a ineludible necesidade de suspender a tramitación dos seguintes expedientes de concesión de licenzas e todos aqueles que se soliciten a

partir de que o acordo de suspensión de licenzas sexa executivo.

As licenzas que actualmente se encontran en tramitación (salvo erro ou omisión) son as seguintes:

- * Expte 63.157/421: licenza de obra para a legalización de edificación na parcela denominada M2-P-2 (Torre 2.A). Data de solicitude 15.04.08.
- * Expte 63.095/421: licenza de obra para a legalización da torre correspondente na parcela M2-P1 (Torre 2.B). Data de solicitude 15.04.08.
- * Expte 64.872/421: licenza de obra para a legalización do centro comercial "Gran Vía" (parcela M3 P1). Data de solicitude: 26.08.08.
- * Expte 34.382/422: licenza de obras e actividade para Centro Comercial na parcela M3 P1. Data de solicitude: 22.09.08.
- * Expte 68.095/421: licenza de obras para o acondicionamento de hipermercado "Carrefour, S.A." Data de solicitude: 11.12.09.
- * Expte 34.791/422: licenza para o exercizo de actividade de hipermercado "Carrefour, S.A." na parcela M3 P1. Data de solicitude: 23.12.08.
- * Expte 65.240/421 e 34.562/422: licenza de obra para o acondicionamento de local e apertura de actividade adicada a tenda de roupa deportiva nos locais 210 a 212 do Centro Comercial Gran Vía. Data de solicitude 3.11.2008.
- * Expte 66.288/421: licenza de obra para a construción de 37 vivendas na parcela M4 P2. Data de solicitude 9.03.09.

Serán obxecto de suspensión, todas as solicitudes de licenzas de construción e de apertura que estean afectadas pola actuación.

O ámbito espacial afectado polo acordo de suspensión de licenzas será o correspondente á "AOP 13 Arquitecto Palacios".

Por outra parte, dados os efectos do acordo que se adopte, resulta razoable suspender a tramitación administrativa do expediente número 11.212/411 polo que se acordaba a aceptación das cesións previstas no convenio subscrito entre o Concello de Vigo e "Finca do Conde, S.A.".

Visto o anterior a xerente municipal de Urbanismo emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 18 de febreiro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

Con data 18 de febreiro a **secretaría xeral do Pleno** informa o que segue:

S. Extraord. 22.02.10

"Na data do presente informe recíbese dilixencia da Alcaldía solicitando, ó abeiro do disposto no artigo 54.1 a) TRRL informe preceptivo, con carácter urxente e para a súa entrega antes do remate da presente xornada laboral, a efectos da convocatoria de Pleno extraordinario para a adopción de acordo sobre o tema referido, debendo indicar que dada a urxencia da solicitude o informe versará unicamente sobre aspectos de carácter formal, sen prexuízo da consideración sobre a súa idoneidade e necesidade de ampliación de ser o caso, coas conseguíntes limitacións no seu contido que da mesma se derivan.

Remítese dende a Secretaría da Xerencia Municipal de Urbanismo no día de hoxe duplicado do expediente referido que consta dos seguintes documentos:

- Solicitude de informe xurídico ao Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Informe xurídico do Secretario de data 12.02.10.
- Proposta de suspensión de licencias asinada pola Xerente municipal o 15.02.10.

Dáanse por reproducidos, polas razóns anteriormente expostas, os antecedentes e lexislación aplicable recollidos no informe do Secretario da XMU, sen prexuízo do seu contido.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A proposta de acordo recolle dúas cuestións conexas, a incoación de expediente de modificación do planeamento xeral e a suspensión de licencias de obra e actividade, no ámbito afectado.

A posibilidade de modificación do planeamento supón un exercicio do *ius variandi* que corresponde á administración e que aparece expresamente formulado no artigo 94 da LOUGA

"1. Cualquier modificación del planeamiento urbanístico deberá fundamentarse en razones de interés público debidamente justificadas encaminadas a la mejora sustancial de la ordenación urbanística vigente, al descongestionamiento urbano, a la mejora de la articulación de los espacios libres públicos y de los volúmenes construidos, a la eliminación de usos no deseables o a la incorporación de otros necesarios, a la creación de nuevas dotaciones urbanísticas públicas, a la resolución de problemas de circulación y a otros fines públicos."

En relación á natureza do acordo a adoptar en relación coa suspensión de licencias, sinalar que a suspensión se conceptúa como unha medida que pretende garantir a viabilidade na execución do planeamento futuro, restrinxindo as facultades dos particulares sobre o ámbito afectado, así o ben recoñecendo a xurisprudencia (STS 29.01.1996) ó sinalar que a finalidade é evitar a realización de usos e actividades urbanísticas contrarias ás determinacións do futuro planeamento que se trata de redactar. A regulación específica da suspensión aparece no artigo 77 LOUGA, coas limitacións temporais e materiais sinaladas no informe do Secretario da XMU.

En relación coa xustificación das razóns de interese público que servirán de

motivación ó acordo, lembrar a abundante xurisprudencia (STSJ Valencia 06.11.2001, STSJ Cataluña 04.11.1997), que establecen que se ben é precisa unha motivación formal a mesma debe ir acompañada da xustificación da finalidade legalmente prevista, polo que a efectos de dita motivación sería conveniente ter incorporado ó expediente informe técnico nese senso.

Non procede por parte desta Secretaría pronunciarse sobre a conveniencia ou oportunidade da medida de suspensión de licenzas, que como se recolle no expediente ten carácter facultativo e que ten como presuposto o acordo de incoación de proceder á elaboración preliminar do proxecto de modificación do PXOM; non obstante lembrar a importancia da motivación en relación coas finalidades sinaladas para garantir a idoneidade do acordo.

Segundo.- Se ben non resulta posible afondar na cuestión, dada a urxencia no requirimento do informe, faise necesario realizar a correspondente advertencia sobre a responsabilidade patrimonial que se puidera derivar da tramitación do expediente, que aparece recollida expresamente para o caso da suspensión no apartado 5 do artigo 77

"Los peticionarios de licencias solicitadas con anterioridad a la publicación de la suspensión tendrán derecho a ser indemnizados del coste oficial de los proyectos y a la devolución, en su caso, de los tributos municipales, siempre que su otorgamiento no sea posible, por resultar incompatible con la nueva ordenación establecida."

E así mesmo no artigo 35 do TRLS 2008, na formulación xenérica do principio de responsabilidade patrimonial para os supostos de modificación do planeamento

"Dan lugar en todo caso a derecho de indemnización las lesiones en los bienes y derechos que resulten de los siguientes supuestos:

a. La alteración de las condiciones de ejercicio de la ejecución de la urbanización, o de las condiciones de participación de los propietarios en ella, por cambio de la ordenación territorial o urbanística o del acto o negocio de la adjudicación de dicha actividad, siempre que se produzca antes de transcurrir los plazos previstos para su desarrollo o, transcurridos éstos, si la ejecución no se hubiere llevado a efecto por causas imputables a la Administración."

Terceiro.- O acordo de suspensión require para a súa efectividade da publicación por atoparse no suposto recollido no artigo 57 da Lei 30/1992

"1. Los actos de las Administraciones Públicas sujetos al Derecho Administrativo se presumirán válidos y producirán efectos desde la fecha en que se dicten, salvo que en ellos se disponga otra cosa.

2. La eficacia quedará demorada cuando así lo exija el contenido del acto o esté supeditada a su notificación, publicación o aprobación superior."

Dita publicación deberá realizarse nos termos sinalados no artigo 77, é dicir, no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, debendo indicar que debe corrixirse a redacción da proposta no senso de incluír a publicación no xornal dos de maior difusión na provincia, sen prexuízo de manter, de ser o caso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia que aparece na proposta de acordo

remitida.

Cuarto.- En canto ó órgano competente para a súa aprobación, de conformidade co sinalado no citado artigo 77 LOUGA será o órgano competente para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico, precepto que debe ser posto en relación co 123.1.i) LRBRL que atribúe ao Pleno da Corporación a competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

Así mesmo o apartado 2 sinala que os acordos que corresponda adoptar ó Pleno na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación autonómica require o quórum da maioría absoluta do número legal de membros. Tal e como se desprende da proposta da Xerente o acordo que se eleva ó Pleno consiste na incoación de expediente de modificación das determinacións do PXOM, e a suspensión potestativa de licencias, polo que a súa adopción requirirá o voto favorable da maioría absoluta, debendo polo tanto incorporarse informe da Intervención Municipal.”

Polo exposto, dende esta Secretaria e coas limitacións referidas ó inicio do presente informe, emítase a seguinte

CONCLUSIÓN

A adopción de acordo no expediente 996/400, Proposta de suspensión de licenzas para o ámbito previsto no Plan Xeral como "AOP 13 Arquitecto Palacios" é competencia do Pleno da Corporación, requirindo o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros, debendo o acordo de suspensión de licencias ser obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia para a súa efectividade, debendo neste último extremo ser obxecto de modificación a proposta de acordo.

Na mesma data do 18 de febreiro **o interventor xeral** emite o seguinte informe:

“Sendo as 13,05 horas do día da data, recíbese nesta Intervención Xeral duplicado do expediente relativo ao asunto referenciado, dilixenciado polo Sr. Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, facendo constar que o orixinal “consta na Orde do día da XMU do próximo 18 de febreiro”.

No expediente figura escrito asinado polo Sr. Alcalde-Presidente, por medio do cal solicítase informe preceptivo desta Intervención Xeral, ao amparo do previsto no artigo 54.1.a) do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL).

O escrito de referencia recíbese con posterioridade á realización da Comisión Informativa de Urbanismo previa ao sometemento do asunto á consideración do Concello-Pleno e, por conseguinte, con posterioridade ao preceptivo ditame da referida Comisión. Así mesmo, o informe interesado solicítase que estea dispoñible “antes da finalización da xornada laboral do día de hoxe”.

Nas condicións e circunstancias expostas, infórmase con carácter xeral o seguinte:

S. Extraord. 22.02.10

A Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (Lei 9/2002 do 30 de decembro modificado por leis 15/2004 e 3/2008), refírese á suspensión de licenzas, cando no artigo 77 no seu apartado 1 establece que “os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de achaiadura urbanística poderán acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, a fin de estudar a súa formación ou reforma”.

O mesmo corpo legal no seu artigo 94 (“Modificación de plans”), determina respecto diso no seu apartado primeiro que “calquera modificación da achaiadura urbanística deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas encamiñadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, ao desconxestionamento urbano, á mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volumes construídos, á eliminación de usos non desexables ou á incorporación doutros necesarios, á creación de novas dotacións urbanísticas públicas, á resolución de problemas de circulación e a outros fins públicos”.

Son razóns de interese público, por conseguinte, as que deben sustentar a proxectada modificación da achaiadura e en tal sentido, consideramos que debe constar de forma expresa e razoada no expediente, dado o tempo transcorrido dende a aprobación da achaiadura xeral que agora se interesa reformar, si son razóns sobrevidas ou cambios nos criterios iniciais os que determinan o interese público que subxace na modificación que se pretende, e por iso na proposta contida no expediente solicítase a incoación de expediente respecto diso.

Igualmente e dado que este interese público aparece conectado na propia Lei, tal e como se desprende do último precepto transcrito, a unha serie de fins públicos, ao meu xuízo, a fundamentación dos mesmos é o que debe soportar a viabilidade da proposta, polo que parece necesario a incorporación ao expediente de informes técnicos respecto diso.

Polo que se refire aos expediente conclusos e pendentos de resolución e á posible concurrencia de responsabilidade patrimonial por alteración anticipada do PXOMV, remitímonos ao informe de data 12 de febreiro do ano en curso do Sr. Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo e ao contido do artigo 35 (“Supostos indemnizatorios”) do Real Decreto Lexislativo 2/2008 do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

De conformidade co artigo 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os informes serán evacuados no prazo de dez días, coa posibilidade de redución de ditos prazos en supostos de urxencia.

É todo o que pode informar nas circunstancias e condicións indicadas, deixando constancia do carácter de garantía no procedemento administrativo dos prazos citados anteriormente e á consideración dos destinatarios do presente informe a suficiencia e idoneidade do seu contido.”

(Están ausentes o Sr. González Sagarra e a Sra. Iglesias Bueno do Grupo Popular).

S. Extraord. 22.02.10

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Incoar expediente de modificación das determinacións do PXOM con respecto á “AOP 13 Arquitecto Palacios”.

Segundo.- Suspende a tramitación das licenzas de obra e actividade do ámbito previsto no PXOM como “AOP 13 Arquitecto Palacios” que se estean a tramitar ou se soliciten con posterioridade ao presente acordo.

Terceiro.- Proceder á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Cuarto.- Notificar de xeito individual a cada un dos solicitantes de licenzas.

Explicación de voto do voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila:

Abstémonos porque no expediente hai tres informes, do secretario da Xerencia, do interventor e da secretaria xeral do Pleno, onde nos din que non existe un informe técnico que xustifique a motivación e a conveniencia do fondo do asunto. Ese é o motivo da nosa abstención.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dezanove horas e seis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

S. Extraord. 22.02.10

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.